

## Os Comezos

Palestina recibe o seu nome dos seus primitivos habitantes, os Philistinos, chamados Filisteos polos tradutores da Biblia. veñen das migracións cananeas da Península Arábiga e dos Filisteos das illas mediterráneas. A súa primeira gran cidade foi Xericó, unha das máis antigas do mundo. A fins do século XIX, o anti-xudaísmo en Europa xerou un movemento de reacción segregacionista dentro das elites xudías europeas: os sionistas postulan que todas as persoas non xudías do mundo son naturalmente anti-xudías, polo que a única solución a ese problema é separar aos xudeus dos que non o son, facéndoos emigrar a algún lugar no mundo para vivir nun estado puramente xudeu.

En 1897, en Basilea, Suiza (Europa) Hertzl logra realizar o Primeiro Congreso Sionista, en busca do apoio dos países inspirados no sentimento imperialista reinante en Europa. Pese a que nun principio tiñan entre as súas posibilidades a creación do seu estado puramente xudeu en Uganda ou Arxentina, foi tomando forza a posición de instalar ese estado en Palestina, baseándose en argumentos relixiosos, pero tamén económicos, políticos e estratéxicos. Aquel territorio pertencía ao Imperio Turco Otomán, habitado a comezos do século XX por 800.000 persoas, practicamente un 100% delas palestinas, o 20 % cristiás, o 4% xudías e o 76% musulmás.

Durante 400 anos Palestina padeceu a ocupación turco otomán cuxas consecuencias a nivel económico, social e político foron desastrosas para o pobo palestino. En 1916 Gran Bretaña e Francia (inimigos dos Turcos) repártense Medio Oriente en zonas de influencia, que ata ese momento seguía en mans do Imperio Turco Otomán. Para asegurar ese plan, en 1917, Gran Bretaña promete aos líderes árabes a independencia dos seus territorios a cambio da cooperación contra os Turcos. Ao mesmo tempo, promete aos sionistas a creación dun “fogar nacional” en Palestina (declaración Balfour en 1917), co fin de ter un futuro aliado para reprimir os desexos de independencia dos árabes.

En 1920, a Sociedade das Nacións, seguindo o Plan de Sykes-Picot, asignou a Gran Bretaña o mandato sobre Palestina durante a Conferencia de San Remo, co fin de asesorala até que a súa poboación fose capaz de autogobernarse. Pero ademais debía crear un “fogar nacional para o pobo xudeu” contradicindo o principio de autodeterminación dos pobos que dicía defender. Deste xeito, Gran Bretaña comezou a facilitar a inmigración masiva de xudeus e a expansión das colonias sionistas. Aí comexou o refugallo progresivo da poboación palestina: en 1920 os xudeus eran un 4% da poboación en Palestina. Ao final do mandato, en 1948, os xudeus xa eran o 33% da poboación. Ao principio do mandato, os sionistas posuían o 2% da terra e ao terminar o mandato británico, xa tiñan o 6%. Nese contexto, Gran Bretaña organizou o Palmach, un destacamento do seu exército composto exclusivamente por sionistas, utilizado principalmente para reprimir á poboación palestina. Ademais, de xeito clandestino, os sionistas organizaron milicias paramilitares (Haganah, Irgún e Stern), que atacaron de xeito terrorista as aldeas e cidades palestinas, e máis tarde atacaron tamén oficinas da administración británica.

Ao cabo dunha década, en 1947, Gran Bretaña non logrou controlar a situación e decidiu anunciar o fin do seu mandato e pedirlle ás Nacións Unidas que atopase unha solución ao conflito. O 29 de novembro de 1947 a ONU aproba a Resolución de Partición de Palestina: daba o 56% de Palestina para a construción dun “estado xudeu”, o 43% para un estado árabe e o territorio de Xerusalén e os seus arredores (1%) quedaba baixo administración internacional. No seo da ONU non houbo representantes palestinos, e a súa voz foi transmitida por medio dos representantes dos países árabes membros da ONU. Con todo, os xudeus foron representados oficialmente pola Organización Sionista Mundial e apoiados incondicionalmente por EEUU e a URSS.